



III EDICIÓN

# CARREIRA POPULAR CONCELLO DE PASTORIZA E ANDAINA "JOSÉ YÁÑEZ GARCÍA"

12 de Xullo

 Saída: Praza do Concello de Pastoriza

Unha carreira para todos os niveis: Camiña, corre ou trota, todos son benvidos! | Evento de fácil acceso

ORGANIZA:



COLABORA:



TERROCHA

galicia

XUNTA DE GALICIA

O deporte e a realización de exercicio físico, xogan un pilar básico e fundamental no transcurso da vida de calquera persoa para o mantemento duns hábitos e estilos saudables.

As actividades ao aire libre en grupo son un dos plans escollidos maioritariamente pola poboación, polo que dada a gran transcendencia que xogan as carreiras populares nas nosas contornas próximas e tendo en conta os grandes talentos do atletismo que temos no noso concello, queremos presentarvos este evento para todos vos.

Trátase dunha carreira/andaina pola Pastoriza, concello que goza dun gran atractivo paisaxístico, unha natureza privilexiada para os amantes do rural. É aquí onde nace un dos ríos máis sonados en toda Galicia e incluso no conxunto do territorio español: O río Miño. Sitúase na lagoa de Fonmiña (foto adxunta).

Ademais diso, gozamos doutros recunchos de gran agrado e interese como pode ser a Área Recreativa a Riboira e o xacemento arqueolóxico do Castro de Saa (ambos en Baltar), O CIN (Centro de Interpretación) de Bretoña que nos amosa o estudo e divulgación da historia do obispado dos bretóns da Gallaecia... así como numerosos lugares gastronómicos e culturais.

Animarvos a que desfrutedes e coñezades A Pastoriza nunha mañá de verán e poidades ser partícipes da nosa gran natureza paisaxística.



# REGULAMENTO

## Artigo 1. Organización

O Concello de A Pastoriza en colaboración coa Asapa (Asociación de Comerciantes e Empresarios da Pastoriza), Asociación Cultural e Deportiva Miño (A Pastoriza), Champion Chip Norte e Xunta de Galicia organizan a **III Carreira Popular do Concello de A Pastoriza**.

Esta carreira está incluída no II Circuito de Carreiras Populares da Terra Chá (TERRA CHALLENGE).

A proba terá lugar o vindeiro **12 de xullo**, con saída e meta diante da praza do Concello percorrendo as rúas da vila e os camiños de terra da contorna próxima ao Concello.

## Artigo 2. Participación

Nesta proba poderá participar calquera atleta, sexa federado ou non, sen establecemento de distincións en canto á raza, ó sexo, á nacionalidade...

Todo aquel corredor que compita na proba será baixo a súa propia responsabilidade, sendo consciente cadaquén de manterse nunha forma física axeitada para levala a cabo.

## Artigo 3. Percorrido, categorías distancias e horarios.

O circuío terá lugar nun 70% por camiños de terra á beira do monte e nun 30% polas rúas da vila. Só os vehículos autorizados pola organización poderán acceder ó mesmo, quedando pechado ó resto de vehículos.

Saída da proba na praza do concello. Darase unha volta de uns 600 m (aprox) pola rúas da vila e posteriormente a carreira levaranos polos camiños de terra que recorren o noso monte, que cruzan a parroquia pastoricense de Saldanxe e que dan retorno novamente ó núcleo da vila.

CATEGORÍAS	ANO DE NACEMENTO	HORARIOS	DISTANCIA
PITUFOS	2019 e posteriores	<b>10.45 h</b>	150m
SUB 10	2017-2018	<b>11.00 h</b>	600 m
SUB 12	2015-2016	<b>11.00 h</b>	600 m
SUB 14	2013-2014	<b>11.15 h</b>	1500 m
SUB 16	2011-2012	<b>11.15 h</b>	1500 m
ANDAINA	Sen idades	<b>11.30h</b>	4.500 m
SUB 18 SUB 20 SUB 23	2009-2010 2007-2008 2004-2006	<b>11.45 h</b>	7000 m (aprox)
SENIOR	2003 ata os 34 Anos	<b>11.45 h</b>	7000 m (aprox)
MASTER A	Dos 35-44 anos	<b>11.45 h</b>	7000 m (aprox)
MASTER B	Dos 45-54 anos	<b>11.45h</b>	7000 m (aprox)
MASTER C	Dos 55-64 anos	<b>11.45 h</b>	7000 m (aprox)
MASTER D	65 anos e posteriores	<b>11.45 h</b>	7000 m (aprox)

#### Artigo 4: Peche de control

O control da chegada na proba absoluta pecharase 75 min despois da saída da mesma (ás 13.00 h) ou no momento en que o ultimo corredor cruce a liña de meta.

#### Artigo 5: Condicións de participación

- As inscricións faranse a través da páxina web da Champion Chip Norte e [www.terrachallenge.es](http://www.terrachallenge.es) . Terán un custo de **7 €** para a categoría absoluta (7000 m).

**A ANDAINA E A PARTICIPACIÓN NAS CARREIRAS INFANTÍS SERÁ TOTALMENTE GRATUÍTA.**

- A inscrición pecharase **o MARTES día 6 de xullo ás 23:59 h.**
- Non se admitirán inscritos fora do horario establecido ou o mesmo día da proba.
- A inscrición na proba e persoal, intransferible.
- A información necesaria para poder inscribirse na proba constará de nome e apelidos, teléfono móbil, correo electrónico e club. Tanto se participa como corredor popular ou como federado. Neste ultimo caso, facilitarase un apartado

para indicar o número de licenza e o club ao que pertence

- O dorsal e o chip debe ir colocados en zonas visibles. Os que non teñan chip en propiedade facilitaráselles un dorsal chip que deberán colocar no peito.
- O control da proba correrá a cargo de **Champion Chip Norte**, sendo eles os encargados de descualificar a calquera atleta no caso de que se produza algunha das seguintes accións:
  - Non rematar ó completo o circuíto da proba.
  - Non respectar o itinerario da proba.
  - Participar sen o dorsal acreditado proporcionado pola organización ou o chip.
  - Falsificar os datos persoais.

### **Artigo 6. Recollida de dorsais.**

Cada un dos participantes poderá recoller o dorsal identificativo da proba o mesmo día ata **30 min** antes do comezo da mesma.

**Recoméndase o cumprimentos dos horarios determinados no regulamento para evitar acumulacións masivas e retrasos nos inicios das probas.**

### **Artigo 7. Premios**

A entrega de premios, que terá lugar a partir das 13.15 -13.30 h na Praza do Concello, establecerase do seguinte xeito:

-Trofeo aos tres primeiros clasificados masculinos como femininos da carreira absoluta.

-Trofeo aos tres primeiros clasificados masculinos e femininos de cada un das categorías.

-Agasallo especial para os corredores empadroados no Concello de A Pastoriza que quedaran nos tres primeiros postos da carreira absoluta.

-Medalla para todos os nenos participantes nas probas infantís e Trofeo para os tres primeiros clasificados masculinos e femininos de cada unha das categorías excepto PITUFOS.

-Os premios serán acumulativos na carreira absoluta. Por exemplo, se o primeiro clasificado da categoría xeral tamén o é na categoría de empadroados no concello, este poderá optar a ambos premios sen que teña que pasar ao seguinte clasificado.

### **Artigo 8. Servizo para os participantes**

- Baños na zona de saída e de chegada localizados no interior do Concello de A Pastoriza e debidamente sinalados.
- Roupeiro, no cal os participantes poderán deixar o seu material dentro dunha bolsa e debidamente identificado.
- Carpa situada na praza do concello onde terá lugar a recollida dos dorsais.
- Vestiarios e duchas para todo aquel corredor que o desexe, no Pavillón Polideportivo.
- Avituallamento líquido na metade da carreira (km 3,5-4 aproximadamente).
- Avituallamento líquido e sólido ao final da carreira (froita, froitos secos, auga e outro tipo de alimentos).
- Camiseta conmemorativa do evento.
- Pinchos para os participantes nas probas.
- Servizo de ambulancia cun equipo médico. No caso de producírense incidentes durante o desenvolvemento da proba, deberase informar previamente aos organizadores da mesma e trasladar o ferido/accidentado (se a situación así o requirise) ós centros sanitarios que presenten convenio coa compañía de seguros que corresponda.

### **Artigo 9. Seguro**

Todas as persoas participantes estarán amparados por unha póliza de Responsabilidade Civil e accidentes deportivos, que cubrirá os accidentes que se produzan como consecuencia directa do desenvolvemento da proba.

Quedan excluídos os casos derivados dun padecemento latente, imprudencia ou inobservancia das leis, da normativa da competición, etc. Tamén quedan excluídos os casos producidos polo desprazamento ao lugar de competición ou desde o mesmo.

Tamén quedan excluídos os casos producidos polo desprazamento ao lugar da competición ou desde o mesmo. A inscrición implica ler, entender e adquirir o compromiso que a continuación se expón: Certifico que estou en bo estado físico. Eximo de toda responsabilidade que da participación no evento puidese derivarse, á organización, patrocinadores comerciais ou sponsors, empregados e demais organizadores.

**Aceptación do regulamento:** Todos os participantes, polo feito de inscribirse e tomar a saída na carreira, aceptan o presente regulamento, e no caso de dúbida ou de xurdir algunha situación non prevista no mesmo, resolverase de acordo ao que dispoña o Comité Organizador e polas normas da FGA, RFEA e WA en vigor.

**LOPD:** Todos/as os/as corredores/as ó realizar a inscrición aceptan a publicación do seu nome e imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e/ou internet. Así mesmo autorizan á gravación e realización de fotografías e vídeos para a difusión da proba e publicidade por parte da organización e de Champion Chip Norte.